

Marzo, de 2011

Estimado/a señor/a,

Dirixímonos a vostede para comunicarlle que foi elixido ao azar polo Instituto Nacional de Estatística entre tódalas persoas residentes no noso país para participar na **Enquisa Social Europea**. Esta investigación, que se realiza cada dous anos desde 2002 en preto de 30 países europeos, está financiada polo **Ministerio de Ciencia e Innovación** (MICINN) coa colaboración do **Centro de Investigacións Sociolóxicas** (CIS), e coordínnaa Mariano Torcal Lorient, catedrático da **Universitat Pompeu Fabra** (UPF) de Barcelona.

A finalidade da enquisa é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política, e para responder a ela non cómpre ter ningún coñecemento especializado.

A súa colaboración co estudio é moi importante, xa que para poder dispor de datos representativos a nivel nacional **non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar**. Debe saber, amais, que tódalas informacións recollidas a través deste estudio están suxeitas á Lei Orgánica de Protección de Datos, que impón o seu carácter reservado. O seu anonimato e o das súas respostas están, xa que logo, absolutamente garantidos.

A maioría das persoas que participaron na **Enquisa Social Europa** opinaron que foi unha experiencia interesante e esperamos que tamén o sexa para vostede. Próximamente, un entrevistador axeitadamente acreditado de **Metroscopia**, organización con ampla experiencia na realización de investigacións sociais e de opinión, porase en contacto con vostede no seu domicilio. O entrevistador explicarlle máis detalles da enquisa e, se vostede está de acordo, fixarán unha data e hora para realizala. As enquisas adoitan durar preto dunha hora. Esperamos contar coa súa colaboración.

Se desexa máis información sobre o estudio, non dubide en chamarnos ao teléfono gratuíto **900 101 493**. Tamén pode obter información nas páxinas web:

<http://www.upf.edu/ess/> (en castelán)

<http://www.europeansocialsurvey.org/> (en inglés)

Agradecemoslle a súa colaboración e atención por adiantado,

Mariano Torcal  
Coordinador da  
Enquisa Social Europea en España

Ramón Ramos Torre  
Presidente do CIS

José Juan Toharia  
Presidente de Metroscopia

Abril de 2011

Estimado/a señor/a,

Nunha carta que lle enviamos recentemente comunicabámoslle que vostede foi elixido ao azar polo Instituto Nacional de Estatística entre tódalas persoas residentes no noso país para participar na **Enquisa Social Europea**, un estudio realizado cada dous anos na maioría dos países europeos. Esta segunda comunicación ten por obxecto facerlle chegar un folleto informativo con máis información sobre a enquisa e lembrarlle o noso interese en que participe nela.

A súa participación na enquisa é moi importante, xa que para garantir que os resultados sexan representativos do que pensan os cidadáns de todo o país **non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar**. A finalidade da enquisa é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política, e para responder a ela **non cómpre ter ningún coñecemento especializado**.


A maioría das persoas que participaron na Enquisa Social Europea opinaron que foi unha experiencia interesante e esperamos que tamén o sexa para vostede. Desexamos recordarlle que **as respostas que vostede proporcione teñen carácter anónimo** e están suxeitas á Lei Orgánica de Protección de Datos.

Nos vindeiros días, un entrevistador axeitadamente acreditado de **Metroscopia**, organización con ampla experiencia na realización de investigacións sociais e de opinión, porase en contacto con vostede no seu domicilio. O entrevistador explicarlle máis detalles da enquisa e, se vostede está de acordo, fixarán unha data e hora para realizala. As enquisas adoitan durar preto dunha hora. Esperamos contar coa súa colaboración.


Agradecemoslle a súa colaboración e atención por adiantado,



Coordinador da  
Enquisa Social Europea en España



Ramón Ramos Torre  
Presidente do CIS



José Juan Toharia  
Presidente de Metroscopia

Marzo, Abril, Maio, Xuño de 2011

Estimado/a señor/a,

Nunha carta que lle enviamos recentemente comunicábamolles que vostede foi elixido ao azar polo Instituto Nacional de Estatística entre tódalas persoas residentes no noso país para participar na **Enquisa Social Europea**. Nos pasados días tratamos de poñernos en contacto con vostede, pero ata o de agora **non nos foi posible localizalo**.

Con esta nova comunicación desexaríamos pregarlle que se poña en contacto coa empresa **Metroscopia**, que realiza a investigación, no **teléfono gratuito 900 101 493** para concertar unha cita con un entrevistador na data e hora que a vostede máis lle conveña. A través do teléfono gratuito vostede poderá obter, amais, calqueira información ou aclarar calqueira dúbida relacionada coa enquisa.

A súa participación na enquisa é moi importante, xa que para garantir que os resultados sexan representativos do que pensan os cidadáns de todo o país **non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar**. A finalidade da enquisa é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política, e para responder a ela non cómpre ter ningún coñecemento especializado.

A maioría das persoas que participaron na **Enquisa Social Europea** opinaron que foi unha experiencia interesante e esperamos que tamén o sexa para vostede. Desexámoslle lembrar tamén que **as respostas que vostede proporcione á enquisa teñen carácter anónimo e a súa confidencialidade está garantida** pola Lei Orgánica de Protección de Datos.


Se desexa obter máis información sobre a **Enquisa Social Europea**, pode acceder ás páxinas web:

<http://www.upf.edu/ess/> (en castelán)  
<http://www.europeansocialsurvey.org/> (en inglés)

Agradecemoslle a súa colaboración e atención por adiantado,



Mariano Torcal  
Coordinador da  
Enquisa Social Europea en España



José Juan Toharia  
Presidente de Metroscopia

Marzo, Abril, Maio, Xuño de 2011

Estimado/a señor/a,

Poñémonos en contacto con vostede en relación á súa selección polo Instituto Nacional de Estatística para participar na **Enquisa Social Europea**. A devandita selección, realizada ao azar, ten por obxecto garantir que os resultados da enquisa representen o que pensan os cidadáns de todo o país.

O entrevistador de Metroscopia, a empresa encargada de realiza-la enquisa, informounos de que **vostede ten dúbidas canto á súa participación no estudio** e queremos aproveitar esta carta para animalo a que colabore.

Gustaríanos subliñar que para poder garantir que os resultados da enquisa sexan representativos **non podemos entrevistar a ningunha persoa no seu lugar**. Desexámoslle lembrar tamén que as respostas que vostede proporcione terán un carácter anónimo e que a súa identidade xamais será revelada, pois está protexida pola Lei Orgánica de Protección de Datos.


A finalidade da enquisa é coñece-las opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política, e para responder a ela non cómpre ter ningún coñecemento especializado. A maioría das persoas que participaron na **Enquisa Social Europea** opinaron que foi unha experiencia interesante e divertida, e gustaríanos que tamén o fose para vostede.

Se tras recibir esta mensaxe aceptase participar, **pregámoslle que se poña en contacto con Metroscopia** no número de teléfono gratuito **900 101 493**, onde poderá concertar unha cita cun entrevistador na data e hora que máis lle conveña a vostede. Se desexa máis información sobre o estudio, pode atopala tamén nas páxinas web


<http://www.upf.edu/ess/> (en castelán)

<http://www.europeansocialsurvey.org/> (en inglés)

Esperamos que acepte participar no estudio e agradecemoslle a súa colaboración e atención por adiantado,



Mariano Torcal  
Coordinador da  
Enquisa Social Europea en España



José Juan Toharia  
Presidente de Metroscopia